

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno, que se celebrará o día 10 de xaneiro de 2025, ás 12:00 horas na Sala de Comisións da Deputación Provincial.

ASUNTOS

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 23/2024, de 20 de decembro.

Asesoría Xurídica

2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia polas que se dispón o acatamento e cumprimento das resolucións xudiciais correspondentes.

3. Dación de conta das Resolucións da Presidencia polas que se dispón a comparecencia en procedementos xudiciais.

4. Dación de conta das Resolucións da Presidencia polas que se dispón a comparecencia en procedementos concursais.

Servizo de Asistencia Técnica a Concellos

5. Aprobación dun informe sobre a modificación número 1 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Pontedeume e ordenación detallada do sector URDI-2 "Leche Celta".

6. Aprobación dun informe sobre a aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Narón.

7. Aprobación dun informe sobre o Estudio informativo para o ramal de conexión entre as líñas de ancho ibérico León-A Coruña e Betanzos Infesta-Ferrol.

8. Aprobación dun informe sobre o proxecto de mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na RAEG na zona leste da ATM de Santiago.

Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego

9. Dación de conta da Resolución de Presidencia número 2024/51299 de data 10 de decembro de 2024 pola que se avoca a competencia para a aprobación da modificación das bases reguladoras do programa de subvencións dirixido a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o ano 2025 (DP0029/2025) e a aprobación da dita modificación e dun novo prazo de presentación ou modificación de solicitudes.

ROGOS E PREGUNTAS